



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelá
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ACTA Nº 2/2015

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE DOUS MIL QUINCE.

En Paradelá, a vinte e seis de marzo de 2015

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e trece minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA
- D^a. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ

Non asiste, xustificando a súa ausencia a Sr. Concelleira D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 29 DE XANEIRO DE 2015.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 29 de xaneiro de 2015, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 29 de xaneiro de 2015.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos dez Concelleiros, (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucions de Alcadía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

3º.- DACIÓN DE CONTA, DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2014 E DO INFORME DE EVALUACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2014.

Deuse conta do decreto de 19 de febreiro de 2015 que se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De acordo co establecido nos arts. 191 do Rel decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, 89 e seguintes do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e o disposto nas Regras 66 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, polo que se aproba a Instrucción do modelo simplificado de contabilidade local, se procedeu ao peche e liquidación do Orzamento xeral municipal para o exercicio 2013, poñéndose de manifesto os seguintes resultados:

RESULTADO PRESUPOSTARIO

<i>Dereitos recoñecidos netos(+)</i>	<i>1.380.835,15 €</i>
<i>Obrigas recoñecidas netas(-)</i>	<i>1.334.029,57 €</i>
<i>Resultado presupostario</i>	<i>46.805,58 €</i>
<i>Gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais (+)</i>	<i>24.953,87 €</i>
<i>Desviacións de financiamento negativas (+)</i>	
<i>Desviacións de financiamientos positivas(-)</i>	<i>50.121,16 €</i>
<i>Resultado presupostario axustado</i>	<i>21.638,29 €</i>

REMANENTE DE TESOURERÍA

<i>1. (+) Deudores pendentes de cobro ao remate do exercicio</i>	<i>332.008,43 €</i>
<i>De orzamento de ingresos. Exercicio corrente</i>	<i>244.725,98 €</i>
<i>De orzamento de ingresos. Presupostos pechados</i>	<i>91.692,13 €</i>
<i>De operacións comerciais</i>	<i>00,00 €</i>
<i>De outras operacións non orzamentarias</i>	<i>15,00 €</i>
<i>Ingresos pendentes de aplicación definitiva</i>	<i>4.424,68 €</i>
<i>2. (-) Acreedores pendentes de pago ao peche do exercicio</i>	<i>147.399,21 €</i>
<i>De orzamento de gastos. Exercicio corrente</i>	<i>121.046,64 €</i>
<i>De orzamento de gastos. Exercicios pechados</i>	<i>0,00 €</i>
<i>De outras operacións non orzamentarias</i>	<i>26.913,37 €</i>
<i>Pagos pendentes de aplicación orzamentaria</i>	<i>560,80 €</i>
<i>3. (+) Fondos líquidos en tesourería ó peche do exercicio</i>	<i>75.282,72 €</i>
<i>4. Remanente de tesourería total</i>	<i>259.891,94 €</i>
<i>5. Saldos de dudoso cobro</i>	<i>63.192,87 €</i>
<i>6. Remanente de tesourería afectado a gasto con financiación finalistas</i>	<i>50.121,16 €</i>
<i>7. Remanente de tesourería para gastos xerais (1-2+3-4-5)</i>	<i>146.577,91 €</i>



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelá
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

REMANENTES DE CRÉDITO:

De conformidade co disposto nas regras 37 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, os remanentes de crédito ascenden a cantidade de: 214.333,49 €, atopándose os mesmos na seguinte situación:

1.- Presuposto definitivo.....	1.454.977,13
2.- Obrigas recoñecidas netas.....	1.334.029,57
3.- Remanente de Crédito.....	120.947,56
4.- Remanentes comprometidos.....	0,00
Incorporables.....	0,00
Non incorporables.....	0,00
5.- Remanentes non comprometidos	124.573,68
Incorporables.....	49.707,75
Non incorporables.....	71.239,81

*Tendo en conta o establecido na normativa citada e o contido no informe da Secretaría-Intervención de data 20 de febreiro de 2014, en uso das facultades conferidas polos artigos 191.3º e 193. 4º e 5º do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por medio da presente **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- *Prestar aprobación á liquidación do orzamento xeral municipal para o exercicio 2014, nos termos anteriormente expresados.*

SEGUNDO.- *Declarar coma créditos de incorporación obrigada:*

- Da partida 459.613. 49.707,759 € para obra do Plan de Mellora de Camiños Municipais correspondente á anualidade 2014.

TERCEIRO.- *Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.*

CUARTO.- *Remitir copia da liquidación que se aproba á Delegación Provincial de Lugo do Ministerio de Economía e Facenda e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.*

Paradelá, a 19 de febreiro de 2015. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”

Asemade, douse conta do informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento 2014, emitido polo Secretario_interventor en data 18 de febreiro de 2015, dando cumprimento ao establecido no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Presupuestaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, co seguinte tenor literal:

“ASUNTO: Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento 2014.

Con motivo da aprobación da liquidación do orzamento 2014 e en cumprimento do previsto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás

Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira, emito o seguinte INFORME:

PRIMEIRO.- *A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Entidades Locais someterase aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coherente coa normativa europea, e de conformidade co previsto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira.*

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Conforme establece o artigo 11.3 e 11.4 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, as Corporacións Locais non poderán incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais, polo que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Deberase cumprir o principio de sostibilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública.

SEGUNDO.- Lexislación aplicable.

- Regulamentos (CE) Nº 2223/96, 2516/2000, 2558/2001 e 1221/2002 do Consello da Unión Europea, relativos ao sistema de constas nacionais e rexionais (SEC 95).

- RDL 2/2007, do 28 de decembro polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria. (TRLXEO)

- RD 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais. (RLEO)

- RDL 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais. (TRLFL)

- Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais.

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

TERCEIRO.- *Tal e como dispón o artigo 16 apartado 1 in fine e apartado 2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.*

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 168.4, Informe para a aprobación do Orzamento, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referidos respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O Interventor local deberá detallar no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos de 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios.

O Interventor deberá avaliar a capacidade para financiar os compromisos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, conforme ao establecido na normativa europea e na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

CUARTO.- Obxectivo de estabilidade.

Mediante acordo do Consello de Ministros de data 20 de xullo de 2012, estableceuse o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o trienio 2013-2015 o equilibrio.

A estabilidade orzamentaria implica que de maneira constante, ao longo do ciclo, os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

Simplificando, o volume da débeda non pode aumentar, como máximo debe permanecer constante. Supón que nos orzamentos municipais o endebedamento anual neto (endebedamento–amortizacións) debe ser cero. De maneira máis rigurosa, que as variacións de pasivos e activos financeiros debe estar equilibrada.

Para os entes non sometidos a réxime orzamentario considérase desequilibrio cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, dos seus estados económicos se deduza que incurren en perdas e requiran para o seu saneamento da dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade das do apartado anterior que lle toque aportalos, e deberán ser obxecto dun informe individualizado.

QUINTO.- Principio de estabilidade orzamentaria

Establece o artigo 2.1 d) do TRLGEP que “a los efectos de la presente ley, el sector público se considera integrado por: las entidades locales.....”. Pola súa banda o artigo 3 determina que os suxeitos ós que se refire o artigo 2.1d) desta lei suxeitanse ó principio de estabilidade nos termos establecidos no artigo 19 desta lei.

O artigo 19.3 establece a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria, así, as entidades locais deben axustar seus orzamentos ó principio de estabilidade orzamentaria entendido como “la situación de equilibrio o de superávit en términos de capacidad de financiación de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC 95)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 4 do Regulamento cando establece que “las entidades locales.... aprobarán, ejecutarán y liquidarán sus presupuestos consolidados ajustándose al principio de estabilidad definido en los apartados 1 y 3 del artículo 19 de la Ley General de Estabilidad Presupuestaria”.

*En suma, entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou de superávit, computada en termos de capacidade de financiación dacordo ca definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95), é dicir, a existencia dun equilibrio en termos de presupostación, execución e liquidación, entre os **ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza**, de modo que se os ingresos son superiores ós gastos estaremos nunha situación de equilibrio (capacidade de financiación), polo contrario, se os gastos superan ós ingresos estaremos ante unha situación de desequilibrio (necesidade de financiación).*

SEXTO.- Verificación do cumprimento

Segundo o artigo 15 do Regulamento, “se entenderá cumprido el objetivo de estabilidad cuando los presupuestos iniciales o, en su caso, modificados....de los sujetos incluídos en el artículo 4.1 del presente reglamento, alcancen, una vez consolidados, y en términos de capacidad de financiación, de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de

Cuentas Nacionales y Regionales, el objetivo de equilibrio o superávit establecido para las restantes entidades locales”.

Sentado o anterior, xenericamente, poderíamos dicir que a estabilidade orzamentaria a calculamos como a diferenza entre ingresos e gastos non financeiros, isto é, dos capítulos I ao VII do estado de ingresos e capítulos I, II, III, IV, VI e VII do de gastos, de tal xeito que si o resultado é **igual ou positivo** se estará en “**estabilidade**” pero, si pola contra, é negativo, resulta un desequilibrio e necesidade de financiamento que, leva consigo a remisión do dito informe. Pero ademáis, tamén se deberá facer unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos, pois o art. 16.2 (terceiro parágrafo) do regulamento indica que “.....detallará los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos presupuestarios, en términos de contabilidad nacional, según el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95)”.

Así pois aplicando a **PRIMEIRA FÓRMULA** (cap. 1-7 ingresos – cap. 1-7 gastos) tomamos para realizar os cálculos os dereitos e obrigas recoñecidas durante o exercicio 2013, sendo a situación do Concello de Paradela a seguinte:

Cap	Denominación	DR netos	Cap	Denominación	OR netas
1	Impostos directos	378.109,19	1	Gastos persoal	483.010,08
2	Impostos indirectos	18.251,35	2	Gastos bens corrent	435.148,03
3	Taxas e outros ingresos	113.493,36	3	Gastos financeiros	4.518,14
4	Transf. correntes	666.909,42	4	Transf. correntes	29.445,70
5	Ingresos patrimoniais	18.576,44			
6	Alleam. Invest reais	0,00	6	Investimentos reais	331.955,99
7	Transf. de capital	185.495,39	7	Transf. de capital	0,00
		1.380.835,15			1.284.077,94
Capacidade-necesidade de financiación				96.757,21	

Non obstante, e tendo en conta que a capacidade/necesidade de financiamento debe analizarse tendo en conta o **Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95)**, deben realizarse os axustes especificados pola Intervención Xeral do Estado no Manual publicado para o cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, que, por lo que se refire a este Concello de Paradela serían os seguintes:

1.- AXUSTES NO ESTADO DE INGRESOS.-

A) **Ingresos fiscais e asimilados.-** Debemos axustar os dereitos recoñecidos nos capítulos 1, 2 e 3 de ingresos, aplicando o criterio de caixa, isto é, o axuste ven determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos pola Corporación e a recadación total en caixa correspondente ós citados ingresos, tanto de orzamento corrente como de exercicios pechados. Se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros, efectuarase un axuste negativo que incrementará o déficit público, polo contrario, se a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ó importe dos cobros, o axuste será positivo, diminuindo o déficit. O importe total recadado polo Concello durante o exercicio 2014 ascendeu a 390.689,27 euros en corrente e 135.341,82 euros en pechados, o que suma un total de 526.031,09 euros. Os dereitos recoñecidos nestes capítulos ascendían a un total de 509.853,90 euros, polo que a diferenza debe **axustarse á ALTA**, por importe de **16.177,19**.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

B) Participación nos tributos do Estado.- Debemos computar as entregas a conta e a liquidación definitiva do exercicio satisfeitas polo Estado a favor do Concello durante o exercicio 2013. As diferenzas poden vir motivadas polo desfase nas comunicacións que teñen entrada no Concello no exercicio seguinte á data do recoñecemento do pago pola Administración do Estado, así, axustamos á alza por aquelas cantidades correspondentes ó concepto sinalado que non fosen recoñecidas no 2014 por descoñecemento dos datos a 31/12/14 ou ben en senso contrario axustaremos á baixa polos dereitos recoñecidos correspondentes ao 2013, pero imputados a este orzamento por ter coñecemento dos datos con posterioridade a 31/12/13. En concreto neste exercicio non proceden os **axustes correspondentes á participación dos tributos do estado** pois o Concello tiña coñecemento da entrega a conta correspondentes ao mes de decembro no propio mes de decembro de 2014 aínda que non se producirá o ingreso efectivo.

C) Transferencias correntes e de capital.- Os ingresos dos capítulos 4 e 7 deben computarse tomando o criterio do pagador, isto é, os importes a considerar serán os mesmos que os que o ente pagador rexistra como recoñecidos na súa contabilidade.

Para este Concello a aplicación práctica deste axuste concrétese para as distintas subvencións que recibe no importe resultante de sumar aos dereitos recoñecidos en 2014, o ingresado por dereitos recoñecidos de orzamentos pechados que tiveron recoñecemento de pago polo pagador neste exercicio, e axustar á baixa todos aqueles dereitos recoñecidos pendentes de pago que a 31 de decembro de 2014 que aínda estaban pendentes de recoñecemento polo pagador. Estas diferenzas afloran debido a que o dereito recoñecido por subvencións contabilízase no momento en que o Concello cumpre os requisitos esixidos para poder xerar dereito ao cobro da mesma, podendo ocorrer que o ente pagador tras recibir a xustificación recoñeza a obligación en exercicio distinto. Este axuste poderíase evitar se os entes pagadores subministraran ao Concello a información sobre os importes contabilizados polos mesmos como transferencias dadas, cando na práctica non é habitual que subministren esta información, debendo a Intervención recabala ben a través de consultas telefónicas ou ben partindo da comunicación inicial de concesión da subvención na que se limita o prazo de xustificación ata como máximo o remate de cada exercicio o que implica a non incorporación de remanentes, deducíndose que o ente pagador imputa o gasto ao orzamento da concesión.

- O importe que correspondente a cobros de dereitos recoñecidos de orzamentos pechados (ano 2013) ascende a un total de **80.375,10 euros**, dos que corresponde **axustar a alza 9.452,14**. A diferenza responde a que na comunicación inicial de concesión da subvención non se limitaba o prazo de xustificación ata como máximo o remate de cada exercicio o que implica a non incorporación de remanentes, deducíndose que o ente pagador imputa o gasto ao orzamento da concesión.

Polo que o axuste a alza responde ao seguinte esquema:

Subconcepto	Denominación	Importe
450	Convenio FEGAMP Programas atención e protección da Saúde.	2.115,04
461	Subvención Deputación Certame Literario Manuel Oretes	900,00
461	Subvención Deputación Servizo axuda no fogar.	4.237,10
761	Subvención Deputación Centro Socio Cultural	1.000,00
761	Subvención Deputación Campo de Fútbol O Gandarón	1.200,00
	TOTAL	9.452,14

O resto de subvencións recoñecidas en anos anteriores pero ingresadas en 2014 corresponden a subvencións da Xunta de Galicia que debían ser xustificadas antes de 31/12/13 para que o ente pagador puidera deixar a obriga en fase O (recoñecemento), tal e como se deduce da documentación de cada unha delas.

- O importe dos capítulos 4 e 7 correspondente a pendiente de cobro de dereitos recoñecidos do orzamento corrente (ano 2014) ascende a un total de **125.561,35 euros**, dos que corresponde **axustar á baixa 5.000,00 euros** porque todavía están pendentes de recoñecemento da obriga por parte do ente pagador, xa que non se limita o prazo de xustificación ata como máximo o remate do presente exercicio, polo que o ente pagador podería incorporar os remanentes.

Polo que o axuste á baixa responde ao seguinte esquema:

Subconcepto	Denominación	DR
461	Subvención Deputación Certame Literario.	800,00
461	Subvención Deputación Deportes Fútbol sala	700,00
461	Subvención Deputación Servizo axuda no fogar.	3.500,00
	TOTAL	5.000,00

2.- AXUSTES NO ESTADO DE GASTOS.- No estado de gastos **NON** é necesario realizar ningún tipo de **axuste**

Aplicando os axustes sinalados anteriormente, resulta que a **necesidade/capacidade de financiación** real deste Concello ascende a **136.688,03 €**, segundo se desprende do cadro seguinte:

Dereitos Recoñecidos Netos (cap. 1 a 7)	1.380.835,15
Axuste Ingresos Fiscais (Máis)	16.177,19
Axuste devolución PTE anos 2008, 2009 e 2011	19.302,12
Axuste Participación Tributos Estado	- 0,00
Axuste Transferencias correntes e capital (MAIS e MENOS)	+9.452,14 -5.000,00
Dereitos Recoñecidos Netos SEC95 (cap. 1 a 7)	1.420.766,60
Obrigas Recoñecidas Netas (cap. 1 a 7)	1.284.077,94
Axustes	0,00
Obrigas Recoñecidas Netas SEC95 (cap. 1 a 7)	1.284.077,94
Capacidade-necesidade de financiación SEC95	136.688,66

SÉTIMO.- Conclusións.

Por último, e antes de proceder ás conclusións deste informe, é necesario facer unha precisión na definición da capacidade/necesidade de financiación, que dacordo co RD 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLEO), e o RDL 2/2007, do 28 de decembro polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria (TRLXEO), queda definida en términos presupuestarios, tal e como se deduce do art. 16.2 do regulamento.

O artigo 16.2 do RLEO establece “en las restantes entidades locales (no incluídas en el art. 111 del TRLRHL), la Intervención local elevará al Pleno un informe sobre el cumplimiento del objetivo de estabilidad de la propia entidad local y de sus organismos y entidades dependientes. El informe se emitirá con carácter independiente y se incorporará a los previstos en los artículos 168.4, 177.2 y 191.3 del TRLRHL, referidos, respectivamente, a la aprobación



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

del presupuesto general, a sus modificaciones y a su liquidación. El Interventor local detallará en su informe los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos presupuestarios, en términos de Contabilidad Nacional, según el SEC95...”

*De todo o exposto, dedúcese que este Concello de Paradelas **cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria**, presentando unha capacidade de financiación, que se traduce en termos numerarios en **136.688,66 euros** procedendo, tal e como sinala o RLEO a elevar ó Pleno este informe xunto co expediente de liquidación do orzamento do exercicio 2014 sen máis trámite.*

Paradelas, 18 de febreiro de 2015. O Secretario-Interventor Asdo.: José López González”.

O Pleno dase por enterado.

4º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DE PARADELA

O Sr. Alcalde, fai un resumo das competencias do Xuíz de Paz, destacando a necesaria operatividade da mesma, precisando que sexa unha persoa dispoñible cando se necesite, sobre todo no día a día, e que estea cerca do Xulgado, é fundamenta deste xeito a proposta.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

*“Con data 22 de decembro de 2014 ten entrada no Rexistro do Concello (Rex. Núm. 1.376) comunicación da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que tendo en conta a proximidade do remate do prazo ou periodo de nomeamento do xuíz de paz titular e substituto do Concello de Paradelas, se instaba o inicio dun novo expediente para elixir **XUÍZ DE PAZ, TITULAR E SUBSTITUTO** no prazo de tres meses, de acordo co establecido no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, por canto en caso contrario procedería de oficio o Tribunal ao seu nomeamento directo.*

En consecuencia e por Providencia da Alcaldía de 23 de decembro de 2014 ordeouse dar inicio ao procedemento de selección de xuíz de paz titular e substituto do Concello abrindo un prazo de quince días hábiles para a presentación de solicitudes polas persoas interesadas.

Con tal finalidade publicouse o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 003 do 5 de xaneiro de 2015, no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Simultaneamente remítiuse tamén anuncio para a súa correspondente publicación ao Xulgado de Paz do Municipio e ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Sarria, de conformidade co disposto no artigo 5 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Desenvolvída a fase de información pública durante o prazo comprendido entre o 7 e o 23 de xaneiro de 2015, ambos inclusive, presentáronse os seguintes candidatos por orde de rexistro:

- D. Manuel López López, D.N.I. 76.619.982-J, (Rexistro entrada nº 36 data 13.01.15).

- D. Domingo González González, D.N.I. 76.619.140-E, (Rexistro entrada nº 42 data 14.01.15).

- D^a. Sofía López Pérez, D.N.I. 33.536.393-R, (Rexistro entrada nº 74 data 21.01.15).

- D. José Antonio Díaz Arias, D.N.I. 76.618.679-K, (Rexistro entrada nº 82 data 22.01.15).

Os candidatos declaran nas súas solicitudes ser persoas capaces para o exercicio do cargo sen que concurra neles causa de incompatibilidade.

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno:

PRIMEIRO.- Nomear a D. Domingo González González, D.N.I. 76.619.140-E e domicilio a efectos de notificacións en rúa Cabaleiros de Santiago nº 74, Paradela (Lugo) de profesión empresario da alimentación coma Xuíz de Paz titular e a D. Manuel López López, D.N.I. 76.619.982-J e domicilio a efectos de notificacións en San Vicente nº 16, Parroquia de San Vicente, Paradela (Lugo), de profesión transportista de mercancías, coma Xuíz de Paz substituto.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo xunto cunha copia do expediente completo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrucción de Sarria para os efectos previstos no artigo 101.3º da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Paradela, 5 de marzo de 2015. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non habendo debate algún, procedeuse á votación, resultando aprobada a proposta de Alcaldía pola unanimidade dos dez Concelleiros, (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal Socialista), que asisten á sesión, sendo once o número legal de membros.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIAS DAS PLANTACIONES E XESTION DA BIOMASA DO CONCELLO DE PARADELA.

Toma a palabra o Sr. Alcalde facendo un resumo motivando as normas legais e a casuística que dan lugar a esta ordenanza.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía:

“Considerando necesario proceder a aprobación da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIAS DAS PLANTACIONES E XESTION DA BIOMASA DO CONCELLO DE PARADELA, segundo se xustifica na memoria da alcaldía de data 13 de marzo de dous mil quince, onde se recolle como razoamentos nos que se fundamente a proposta, o disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais de Galicia e Decreto 105/2006, do 22 de xuño polo que se regulan medidas relativas a prevención de incendios forestais, e tamén na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e Decreto 28/1999, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, por medio da presente Ordenanza, proponse regular, no ámbito da súas competencias, e establecer as condicións para levar adiante a limpeza, a fixación das



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

distancias para plantacións e a xestión integral da biomasa nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables delimitados sitios no termino municipal de Paradelas, co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de seguridade, salubridade e de prever e evitar no posible os incendios forestais.

O Alcalde que suscribe, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Expediente de aprobación ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancias das plantacións e xestión da biomasa do Concello de Paradelas.

PRIMEIRO.- Aprobar, provisionalmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIAS DAS PLANTACIONES E XESTION DA BIOMASA DO CONCELLO DE PARADELA.

SEGUNDO.- Expor ao público o expediente e conceder audiencia aos interesados, por prazo de trinta días a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme o preceptuado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra a mesma, considerárase definitivamente aprobada, debendo publicarse o Regulamento e a Ordenanza completa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

CUARTO.- A Ordenanza entrarán en vigor transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril unha vez se produza a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Paradelas, 17 de marzo de 2015. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIAS DAS PLANTACIONES E XESTION DA BIOMASA DO CONCELLO DE PARADELA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora do Réxime Local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Paradelas a medio da presente Ordenanza proponse a regular, no ámbito das súas competencias, a limpeza de terreos, a distancia das plantacións e a xestión da biomasa, co obxecto de acadar as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para prever e evitar os incendios forestais.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Fundamento

A presente Ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e tamén na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de

ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o Decreto 28/1999, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística.

Artigo 2- Finalidade

Está Ordenanza ten natureza non fiscal, e a súa finalidade é establecer as condicións para levar adiante a limpeza, a fixación das distancias para plantacións e a xestión integral da biomasa nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables delimitados sitos no termino municipal de Paradela.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

A presente Ordenanza é de obrigado cumprimento para todas as persoas, tanto físicas coma xurídicas, que teñan o seus terreos dentro do termo municipal de Paradela.

Conforme o disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, a presente Ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola normativa de ámbito superior.

Artigo 4.- Definicións

Aos efectos desta Ordenanza, defínense os seguintes termos:

Solo urbano: *Terreos que o planeamento urbanístico, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) ten definido e clasificado como tal en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 9/2002.*

Núcleos rurais: *Terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei 9/2002.*

Solo urbanizable delimitado: *Terreos que non tendo a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico o planeamento urbanístico tivese definido e clasificado como tal ao poder ser obxecto de transformación urbanística nos termos fixados no artigo 14 da antedita Lei 9/2002.*

Xestión da biomasa: *Control ou eliminación parcial ou total da vexetación accesoria sita nos terreos regulados na presente Ordenanza.*

CAPITULO II- DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E XESTIÓN DA BIOMASA

Artigo 5.- Limpeza de terreos.

Os propietarios e/ou arrendadores de fincas incluídas en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, teñen a obriga de mantelas limpas e desbrozadas de todo tipo de vexetación e nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder á súa desinfección e desratización periódica.

Artigo 6.- Actuacións de xestión da Biomasa

De acordo co disposto na Lei 3/2007 os propietarios ou titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos ubicados en solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural, que estean a menos de 50 metros do perímetro do monte deberán mantelos limpos e rozados de vexetación de acordo cos bandos e instrucións ditados pola Alcaldía, e en todo caso antes do 30 de xuño de cada ano.

Esta mesma abriga terán os propietarios ou titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos situados nunha franxa de 50 metros arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais, que estean a menos de 400 metros do monte.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Ademais nos primeiros 30 metros dende o límite da propiedade, non poderá haber especies das sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, agás se trate de árbores singulares, illadas ou que cumpran funcións ornamentais e árbores froiteiras.

Os restos da biomasa deberán ser tratados segundo prevé a normativa legal.

Artigo 7.- Execución subsidiaria.

Se as persoas responsables non realizasen os traballos de xestión da biomasa nos prazos fixados polo Concello, este poderá levar adiante os mesmos, logo do previo apercibimento en forma e sen prexuízo da imposición, previo a tramitación do oportuno expediente, das sancións procedentes.

Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, as persoas responsables, procedendo, de ser o caso, ao cobro dos gastos que se ocasionen ao Concello a través do procedemento de apremio.

CAPITULO III- DAS DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS

Artigo 8.- Prohibicións e distancias das repoboacións forestais.

De conformidade co disposto na Lei 7/2012, de Montes, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural.

No seu caso as repoboacións forestais preexistentes antes da entrada en vigor da Lei 7/2010, de Montes, deberán adecuarse para gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos, mananciais e instalacións industriais, as distancia mínimas de 15 metros cando se trate de especies frondosas (recollidas no Anexo 1 desta Ordenanza), e de 30 metros no resto de especies.

Artigo 9.- Distancias novas plantacións de especies frondosas ou frutais, ou árbores ornamentais.

En solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural, permitirase a plantación de especies frondosas ou frutais, sempre que a distancia entre os pés das plantas sexa, como mínimo, de 10 metros e que as polas non se achegen a menos de 15 metros das edificacións principais nin a menos de 2 metros do linde da parcela colindante.

O cálculo das distancias das plantacións a pés illados realizarase dende o punto mais próximo da plantación respecto do plano sobre o que se proxecta a superficie ocupada pola edificación.

Non se terán en conta as edificacións adicadas á garda de apeiros agrícolas ou forestais así coma as restantes edificacións e instalacións menores.

En todo caso, os pes das árbores deberán gardar unha distancia mínima de 5 metros lineais, respecto do dominio público viario ou de condución municipal de abastecemento ou evacuación de augas, sen que as polas poidan invadir o seu vuelo.

Artigo 10.- Distancias plantacións arbustivas

A VIVENDAS:

Arbustos de ata 2 metros de altura..... 1 metro lineal

Arbustos de máis 2 metros de altura 7 metros lineais
Edificios non vivenda (arbustos de máis de 2 metros de altura) 7 metros lineais
A PRADERÍAS E FINCAS DE LABOR:
Arbustos de ata 2 metros de altura Sen limitación.
Arbustos de mais de 2 metros de altura.....3 metros lineais. A
CAMIÑOS PÚBLICOS:
5 metros lineais dende o eixo e 2 metros lineais dende o borde.
A CONDUCCIÓNS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO OU EVACUACIÓN
DE AUGAS: 5 metros lineais
A OUTRAS PLANTACIÓNS:
Arbustos de ata 2 metros de altura Sen limitación.
Arbustos de mais de 2 metros de altura, a mesma das plantacións existentes, con
un máximo de 3 metros lineais.

CAPÍTULO IV: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 11.- Competencia

Corresponde ao Concello de Paradela a través da alcaldía ou concelleiro no que delegue, a inspección e sanción das infraccións, previa a instrucción do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta Ordenanza.

Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras Administracións darase conta inmediata das mesmas a autoridade ou organismo que corresponda ou xurisdicción competente.

Artigo 12.- Clasificación das infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias as que se refire esta Ordenanza, os actos u omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 13.- Infraccións leves.

a) Non proceder á limpeza e roza dos terreos e franxas de xestión da biomasa sinaladas nesta Ordenanza unha vez transcorrido o prazo sinalado polo Concello.

b) Non cumprir as ordes específicas ditadas polo Concello.

Artigo 14.- Infraccións graves.

a) Non proceder á roza e limpeza dos terreos unha vez notificada a súa obriga, cando haxa risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.

b) Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia á inspección dos terreos.

c) A negativa a subministrar información á autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.

e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.

f) A reincidencia en infraccións leves no termo dun ano dende a comisión da primeira.

Artigo 15.- Infraccións moi graves.

a) Cando houbese grave repercusión negativa ou deterioro nos recursos naturais.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

- b) *A reincidencia en infraccións graves no termo dun ano dende a comisión da primeira.*
- c) *A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes.*

Artigo 16.- Sancións

1. As sancións aplicables serán as seguintes, de acordó cos límites de contías que fixa o art. 141 da Lei 7/1985:

- a) Por infraccións leves, multa dende 100 a 750 euros.*
- b) Por infraccións graves, multa dende 751 a 1.500 euros.*
- c) Por infraccións moi graves, multa de 1.500 a 3.000 euros.*

2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

- a) Grado de intencionalidade.*
- b) Contía do beneficio obtido.*
- c) Natureza dos prexuízos causados.*

Disposición Adicional primeira

Como Anexo I a esta Ordenanza inclúese a relación de especies frondosas, recollidas do anexo I da lei 7/2012 de montes de Galicia.

Disposición adicional segunda.

O disposto nesta ordenanza aplicarase sen prexuízo do disposto na lei 3/2007 de de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais de Galicia.

Disposición Transitoria.

As plantacións de árbores existentes á entrada en vigor da presente Ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, se atopen a unha distancia menor á regulada no seu artigo 9, disporán dun período máximo de dous anos para adaptarse á citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición Derrogatoria

Queda, derogadas todas as disposicións municipais que contraveñan o disposto na presente Ordenanza.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte á súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I. Relación de especies de frondosas

Ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, castiñeiro, cerdeira, carballo, cerquiño, sobreira, carballo albar, aciñeira, abeleira, faia, umeiro, loureiro, sorbeira do monte, capudre, nogeira e érbedo.

Non habendo debate algún, procedeuse á votación, resultando aprobada a proposta de Alcaldía pola unanimidade dos dez Concelleiros, (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal Socialista), que asisten á sesión, sendo once o número legal de membros.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 2/2015, BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía

“Vista a execución do orzamento 2015, analizados os saldos dispoñibles nas distintas partidas orzamentarias dentro de cada área de gasto, observáse a necesidade de transferir crédito entre as distintas partidas das áreas de gasto, xa que nalgunhas existe un saldo dispoñible que excede do que se prevé que se vai a gastar, mentras que noutras partidas ese saldo considerase insuficiente para facer fronte aos gastos que se pretende executar no que resta do exercicio de 2015.

O que se propón e transferir créditos destinados á inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, inversión nun vehículo para a recollida de residuos dentro da área de gasto 1 de servizos públicos básicos xa que os actual é moi antigo o que supón uns gastos moi grandes en arranxos sí coma a súa carga contaminante, minorando as contías previstas de persoal, tanto da praza de funcionario auxiliar administrativo que está vacante coma do persoal laboral adicado á conservación do Camiño de Santiago, no que a previsión no orzamento fíxose por doce meses e a contratación produciuse por nove meses, así como unha pequena minoración (20.030,75 €) , respecto do crédito definitivo existente a día de hoxe na partida 453.619 que é de 261.195,81 € adicado a infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.

Tendo en conta o exposto, emítase informe pola Secretaria-Intervención sobre a seguinte proposta de transferencia de crédito:

Desta forma proponse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, por importe de 46.057,50 euros, co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
1621	624	<i>Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Recollida de residuos. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, elementos de transporte.</i>	46.057,50

Baixas en partida de gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
172	131	<i>Servizos públicos básicos. Medio ambiente. Protección e mellora do medioambiente. Gastos de persoal. Persoal laboral temporal.</i>	2.797,68
172	160	<i>Servizos públicos básicos. Medio ambiente. Protección e mellora do medioambiente. Gastos de persoal. Cuotas sociais a cargo do empregador.</i>	1.060,31
453	619	<i>Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Carreteras. Inversión de reposición infraestruturas e</i>	20.030,75



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelá
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

		<i>bens destinados ao uso xeral.</i>	
920	120	<i>Actuacións de carácter xeral. Admón. Xeral.Persoal funcionario. Retribucións básicas.</i>	10.986,75
920	121	<i>Actuacións de carácter xeral. Admón. Xeral.Persoal funcionario. Retribucións complementarias</i>	8.682,01
920	160	<i>Actuacións de carácter xeral. Admón. Xeral.Persoal funcionario. Cuotas sociais a cargo do empregador</i>	2.500,00

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 2/2015, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte resume:

Créditos a minorar:

Partida		Descrición	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
172	131	<i>Servizos públicos básicos. Medio ambiente. Protección e mellora do medioambiente. Gastos de persoal. Persoal laboral temporal.</i>	2.797,68
172	160	<i>Servizos públicos básicos. Medio ambiente. Protección e mellora do medioambiente. Gastos de persoal. Cuotas sociais a cargo do empregador.</i>	1.060,31
453	619	<i>Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Carreteras. Inversión de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</i>	20.030,75
920	120	<i>Actuacións de carácter xeral. Admón. Xeral.Persoal funcionario. Retribucións básicas.</i>	10.986,75
920	121	<i>Actuacións de carácter xeral. Admón. Xeral.Persoal funcionario. Retribucións complementarias</i>	8.682,01
920	160	<i>Actuacións de carácter xeral. Admón. Xeral.Persoal funcionario. Cuotas sociais a cargo do empregador</i>	2.500,00

Créditos a incrementar:

Partida		Descrición	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
1621	624	<i>Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Recollida de residuos. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, elementos de transporte.</i>	46.057,50

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán

examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Paradela, 17 de marzo de 2015. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non habendo debate algún, procedeuse á votación, resultando aprobada a proposta de Alcaldía pola unanimidade dos dez Concelleiros, (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal Socialista), que asisten á sesión, sendo once o número legal de membros.

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 3/2015, BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, resultando o crédito inicial insuficiente e non podendo ser obxecto de ampliación, co obxectivo que persegue esta Corporación con esta actuación é a adquisición dun vehículo de recollida do lixo, xa que o actual é moi antigo o que supón uns gastos moi grandes en arranxos sí coma a súa carga contaminante, faise necesario tramitar o oportuno expediente de suplemento de crédito de acordo co previsto no art. 177 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que se financiará con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

Vistoque non se considera posible demorar aínda máis o gasto a exercicios futuros, porque no presente exercicio e como consecuencia da liquidación do exercicio 2014, se conta con financiamento para iso, asemade aprobouse por parte da Deputación Provincial de Lugo una subvención extraordinaria por importe de 60.000,00 euros (Acordo Xunta de Goberno Local Ordinaria de data 20 de febreiro de 2015) así coma 34.043,25 euros como actuación concretas a realizar no concello de Paradela con cargo ao Plan de Infraestruturas e equipamentos pertencentes ao resto dos concellos afectados polo canon, anualidades de 2009-2010 (Acordo Xunta de Goberno Local Ordinaria de data 13 de marzo de 2015), e a diferenza ata 150.000,00 euros con recursos propios, é dicir, 55.956,75 €, dos cales 46.057,50 € son obxecto do expediente de modificación de crédito 2/2015 de transferencia entre distintas áreas de gasto, quedando polo tanto unha necesidade de crédito por importe de 9.899,25 €.

Desta forma proponse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de suplemento de crédito, por importe de 9.899,25 euros, co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos

Partida		Descrición	Importe Euros
Grupo Programa	Concepto		
1621	624	<i>Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Recollida de residuos. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, elementos de transporte.</i>	9.899,25



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Esta modificación financiase de entre os medios sinalados no art. 177.4 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Alta en Partida de Ingresos

Partida	Descrición	Euros
<i>Cap. Art. Concepto</i>		
870.00	<i>Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais. Aplicación financiación de suplemento de crédito.</i>	9.899,25

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 3/2015, baixo a modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de 9.899,25 €, de acordo co seguinte resume:*

Altas en Partidas de Gastos

Partida		Descrición	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
1621	624	<i>Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Recollida de residuos. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, elementos de transporte.</i>	9.899,25

Alta en Partida de Ingresos

Partida	Descrición	Euros
<i>Cap. Art. Concepto</i>		
870.00	<i>Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais. Aplicación financiación de suplemento de crédito.</i>	9.899,25

SEGUNDO.- *Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*

Paradela, 18 de marzo de 2015. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non habendo debate algún, procedeuse á votación, resultando aprobada a proposta de Alcaldía pola unanimidade dos dez Concelleiros, (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal Socialista), que asisten á sesión, sendo once o número legal de membros.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación dáselle a palabra ao Concelleiro do do Grupo Municipal Socialista, Don Guillermo Castro Gonzñález, que procede a dar lectura da pregunta e do rogo presentado en data 19 de xaneiro de 2015, presentados pola Voceira do Grupo municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, co seguinte tenor literal:

“Dª. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno a seguinte:

PREGUNTA:

A normativa vixente deixa patente e clara a catalogación da Igrexa de San Facundo de Ribas do Miño coma Ben de Interese Cultural. Tanto a Igrexa, coma o Concello e a Xunta de Galicia son quen de manter en perfecto estado de conservación a totalidade ou parte dos BIC's. Tendo en conta que existe un deterioro constatable das pinturas muráis deste monasterio.

Que xestións está a facer o Concello para cumprir coa súa obriga de protexer este BIC?.

En Paradela a 18 de marzo de 2015

Asdo. Dª Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradela.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA

O Sr. Alcalde responde dicindo que ata o 27 de febreiro de 2013 esta competencia era da Deputación Provincial de Lugo, e que a partires dese intre o BIC é competencia da Igrexa, manifestando que xa se realizaron xestións co Vicario responsable do Obispado e coa delegada Territorial de Cultura da Xunta de Galicia, polos convenios especiais existentes entre ambos organismos para ver o que se pode facer ao respecto; porque algún dos problemas derivan de que no seu día non se correxiron en base aos criterios dos técnicos que non permitían determinadas actuacións. Polo que reitera que as xestións xa se fixeron, que agora non depende do Concello, pero que se seguirá a insistir co Obispado.

O rogo ten o seguinte tenor literal:

Dª. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte:

ROGO:

Sabendo que na rectoral de San Facundo está tengo actividade un restaurante, e co fin de cumprir coa correcta xestión dos residuos que polo seu funcionamento normal se producen, rogamos sexan instalados no lugar contenedores de vidro e de papel.

En Paradela a 19 de marzo de 2015

Asdo. Dª Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradela.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA

O Sr. Alcalde di que por el mañá mesmo, o problema está con Patrimonio, xa que ve imposible a instalación dos mesmos pegados ao entorno, polo impacto visual que



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelá
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

producirían os mesmos, así como polo espacio para poder ubicalos, polo que se fará un informe por parte do arquitecto municipal xunto coa documentación que corresponda e remitirase a Patrimonio.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do vinte e seis de marzo de dous mil quince, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor